



A muller do zapateiro  
por ben bonita que sea  
ha de te-los dentes negros  
/: de tirar pola correa. :/  
Ai la la...

E ti que o tés  
e eu que cho vin  
por el buratiño  
que tiña o mandil

/: O ferreiro tén a sarna,  
a molle-lo xarampón-he, :/  
os filliños as vexigas;  
/: ¡ai, Jasús, que maldición-he! :/ x3

/: Maruxa si vas á i-herba  
déixam'unha prenda túa; :/  
déixam'a túa navalla  
/: para pica-la verdura. :/ x3

E ti que o tés...

Maruxa si vas  
ó río a lavar  
non tórza-la roupa  
que a podes rachar.

¡Ehí vai Manuell  
¡déixalo pasar;  
que vai pá taberna;  
vais'emborrachar!